



LINGUA GALEGA

Tema 5 – Terror na cociña

Lectura: “Escarlatina, a cociñeira defunta”

Mamá é guai, pero ás veces enfádase. A min, iso de estar dando voltas no tambor da lavadora durante 75 minutos, que é o que dura o ciclo de manchas difíciles, non me fai moita graza. Un día metín a Dodoto, o meu gato, para ver como [reaccionaba](#). Non deixaba de [miañar](#) con cara de susto e de bater coas patiñas dianteiras contra a tapa transparente. Tratei de explicarlle que o experimento era polo ben dos dous e talvez de toda a humanidade, e que por moito que protestase non tiña pensado sacalo de alí dentro. Botei deterxente e suavizante con [recendo](#) a [amorodo](#), e deille ao botón de acendido. Xusto cando a lavadora empezou a facer o ruído de estar collendo auga, apareceu mamá como por arte de maxia. Ás veces penso que leva un [radar](#) incorporado dentro da cabeza, sempre aparece cando non debe! Enfadouse moitísimo. Púxoselle cara vermello tomate frito, sacou inmediatamente a Dodoto da lavadora e chamoume cousas moi feas.

—Es un [delincuente](#), un inconsciente, un [imprudente](#), un descerebradoooooo!!!!

Que me chamase todas esas cousas que remataran en *-ente* non me importou, porque estou afeito. Pero que me dixese que son un descerebrado púxome triste. Porque un descerebrado é alguén que non ten cerebro, e se non tes cerebro non podes pensar, nin lembrarte de cousas felices. Como lle pasa á veciña Manola, que esqueceu ata os nomes dos seus netos. Iso é unha traxedia realmente tráxica. Por iso prometín non volver usar a Dodoto nos meus experimentos, para non perder o meu cerebro e conservar a memoria, as [lembranzas](#) felices e non esquecer os nomes das persoas que quero.

O resultado da receita das madalenas foi regular. Paseime ao botar a masa nos moldes, e a metade delas, cando empezaron a [medrar](#) no forno, saíron por fóra e convertéronse en monstros de varias cabezas. Houbo outras con mellor pinta pero quedaron algo crúas por dentro, e as tres que se salvaron papeinas antes de que arrefriasen, e nin mamá nin papá puideron probar o ricas que estaban. Xa vos dixen que ser cociñeiro cando tes dez anos, non é cousa fácil.

[Leticia Costas](#), *Escarlatina, a cociñeira defunta*, Xerais, 2014.



Actividades:

1. Le o texto e contesta estas cuestións.

- Que fixo o protagonista desta historia? Por que lle berrou a súa nai? Que lle chamou?
- En que consistía o experimento? Fixeches algunha vez algo que saíu mal?
- Sabes a que enfermidade se refire cando fala de Manola? Que di que lles pasa ás persoas que a sofren? Debemos coidar os nosos maiores? Por que?
- Que é o que máis lle gusta facer ao noso protagonista?
- Que sobremesa prepara?
- Cal é o resultado?

3. Os nosos maiores atesouran moitas frases e expresións da lingua. Ordenade as palabras para formar un dito ou refrán.

na lareira – Febreiro, - xeada na leira – cachopo – e

4. Relaciona estas enfermidades coa parte do corpo que corresponda.

Otite	pel
Farinxite	farinx
Dermatite	larinx
Larinxite	oído



Vocabulario: *Palabras primitivas e derivadas*

As **palabras primitivas** son as que non derivan doutra palabra e están compostas por un lexema e morfemas flexivos.

Os **lexemas** portan o **significado léxico** das palabras e os **morfemas flexivos** son os que achegan as nocións de xénero e número:

lob-os

lexema + morfemas flexivos

As **palabras derivadas** son as que están formadas a partir doutra palabra ou de varias palabras. Ademais de formarse con morfemas flexivos, tamén levan **morfemas derivativos** (prefixos e sufixos). Os morfemas derivativos son os que serven para formar palabras derivadas a partir dunha palabra primitiva:

lob-eira

lexema + morfema derivativo

Cando a palabra é un verbo, o que no resto das palabras denominamos lexema, defínese como **raíz**. Ademais, dispoñen de **vogal temática** (que é a que marca a conjugación á que pertence o verbo), e **morfemas** de número e tempo:

cant-a-ba

raíz + vogal temática + morfema de número e tempo

Aquelas palabras que comparten parte do seu significado e derivan da mesma palabra primitiva constitúen unha **familia**:

noite, anoitecer, noitiña, noitada



Actividades:

2. Constrúe palabras derivadas a partir destas palabras primitivas:

pan ● noite ● feble ● motor ● leite

3. Indica cales son as palabras primitivas.

Peixe – Mandilón – Libreiro – Perna – Imprudente

4. Indica cales destas palabras son derivadas.

Macarrón – Mandilón – Leve – Panificadora



Gramática: *O pronome persoal. Pronomes tónicos e átonos.*

Os pronomes son palabras que empregamos para nomear persoas, animais ou cousas. Empregámoslos para substituír substantivos e enunciados:

María comeu o caldo.

Ela comeu o caldo.

Os pronomes persoais fan referencia a nós mesmos, a unha segunda persoa e a unha terceira. A súa **función** dentro da oración é, normalmente, a de suxeito, complemento directo ou indirecto:

El saltou o muro de pedra.

El: suxeito.

Persoa que fala	1. ^a persoa	eu
Persoa que escoita	2. ^a persoa	ti
Persoa de quen se fala	3. ^a persoa	el ou ela

Os pronomes persoais poden ser **tónicos** ou **átonos**.

Os **pronomes tónicos** teñen acento de intensidade e poden ir sós, como **suxeitos**.

Os **pronomes átonos** non teñen acento de intensidade e precisan ir acompañados dun verbo.

*Fixo **o exercicio** prestando atención.*

*Fíxo**o** prestando atención.*



Pronomes persoais tónicos		
	Singular	Plural
1. ^a persoa	min, comigo	nós, connosco
	eu	nós
2. ^a persoa	ti	vós
	ti, contigo	vós, convosco
3. ^a persoa	el, ela	eles, elas
	el, ela, si, consigo	eles, elas, si, consigo

Repara

As formas **vostede** e **vostedes** son **formas de cortesía**; serven para tratar os maiores ou as persoas coas que non temos un trato familiar. Utilizámolas para tratar a xente con respecto e educación.

Os pronomes de terceira persoa **el, ela, eles, elas** contraen coas preposicións **en** e **de**:

	el	ela	eles	elas
en	nel	nela	neles	nelas
de	del	dela	deles	delas



Os **pronomes persoais átonos** van sempre co verbo e poden ir diante ou detrás del. Cando os pronomes átonos contraen co verbo, a palabra resultante acentúase seguindo as regras xerais de acentuación:

Cómeos

Fíxenos (os exercicios)

Se o pronome contrae cun verbo que leva acento diacrítico, este conserva o acento:

Dálle o teu número de teléfono (a el).

A colocación do pronome átono

A colocación natural do pronome átono é despois do verbo e pegado a el. Nunca pode ir en posición inicial absoluta:

Papounas todas e foi egoísta.

Existen algunhas partículas que fan que o pronome se coloque diante do verbo:

- Cando vai precedido de **que**:

*Ela marchou cedo, para **que** lle dese tempo a chegar á casa.*

- Nas **oracións negativas** o pronome vai sempre **antes do verbo**:

*Non **nos** comprende ninguén.*

- Nas oracións **exclamativas e interrogativas**:

*Canto **me** queres!*

*Que **che** dixos?*

- Cando antes do verbo vai **aínda, axiña, case, quizais, sempre, tamén, só...**:

*Case **te** leva por diante!*

*Sempre **me** fai o mesmo.*



Formas e funcións do pronome átono

Os **pronomes persoais átonos** funcionan dentro da oración como **complementos**. Estas son as súas formas:

Pronomes persoais átonos		
Persoa e xénero	Singular	Plural
1. ^a persoa	me	nos
2. ^a persoa	che/te	vos
3. ^a persoa	masculino	lle, o, lo, no
	feminino	lle, a, la, na
		lles, os, los, nos
		lles, as, las, nas

Os pronomes **o, lo, no, a, la, na** e o plural destes funcionan como **complemento directo**.

- Empregamos **no, na** cando o verbo acaba en ditongo (3.^a persoa):

*Come**na**, papou**no**.*

- Empregamos **lo, la** e o plural destes despois de verbos que rematen en **-r** e **-s** e despois dos pronomes **lles, nos, vos**:

*Non vol**a** dou, deixé**ille**la carta sobre a mesa.*

- Empregamos **o, a** e o seu plural sempre que non se dean as circunstancias anteriores:

*Partin**as** pola metade.*

*Cómo**os** de cando en vez.*



Te e *che* son pronomes que fan referencia a unha segunda persoa de singular.

Te funciona como **complemento directo** e *che* funciona como **complemento indirecto**:

*Non **te** metas comigo.*

*Mercare**iche** un o domingo.*

Os pronomes persoais *lle/lles* de terceira persoa de singular e plural funcionan como **complemento indirecto**:

*Explicare**ille** o problema de Lingua. (a el)*

*Contare**illes** o que van dicindo pola rúa. (a eles)*

Actividades:

1. Le o texto e escribe os pronomes que hai nel.

E gustáronlle máis os vagalumes do ceo por seren menos fachendosos cós da terra.

—Mais non son vagalumes, Clarisca —díxolle o vento.

Ela, aínda que era moi amiga do vento, non lle deu creto. Estaba tan namoradiña a coitada que soamente podía soñar.

Os mociños vagalumes que pasaban á súa beira dicíanlle:

*Vou procurando mociña
entre as herbas dos camiños.
Son mozo e rico, Clarisca,
vasme querer por marido?*

[María Victoria Moreno](#), *Mar adiante*, Xerais, 2009.



2. Di cales das seguintes palabras son pronomes.

O – de – que – lle – te – unhas

3. Completa colocando os pronomes no lugar correcto nas seguintes frases e lembra seleccionar a opción baleira cando corresponda.

1. O rapaz (*lle/os/-*) dixo (*lle/os/-*) que non (*lle/os/-*) podía (*lle/os/-*) achegar ate a casa.
2. Deixou (*cho/o/-*) enriba da cama para que (*cho/o/-*) puideses (*cho/o/-*) ler.
3. Colgou (*lle/te/-*) o teléfono e (*lle/te/-*) chamou (*lle/te/-*) en canto puido.
4. Quíxen (*me/te/-*) tanto que ate (*me/te/-*) doía (*me/te/-*).

4. Indica cales son os pronomes tónicos e cales os átonos.

1. **Ti** non podes vir con **nós**, non temos suficiente espazo no noso coche.
2. **El** díxolle ben claro ao encargado que non ía xogar con **nós**.
3. Conteilles moitas cousas da miña vida, fíxeno, admítoo.
4. A **min** gústame moito montar con **eles** na nora.
5. **Vostede** está equivocado, **eu** non **o** vexo da mesma maneira.



Ortografía: *os signos de puntuación: punto, coma, punto e coma, dous puntos e puntos suspensivos. Signos de interrogación e exclamación.*

O punto

Empregamos o **punto** para **separar oracións** e para sinalar que o contido que queremos achegar rematou. Despois dun punto debes comezar por **maiúsculas** e cando leas debes facer unha pausa.

Cando poñemos un **punto e seguido** estamos a separar oracións que, polo seu contido, están relacionadas entre si. Debes facer unha pausa ao ler un punto e seguido e a continuación ler a seguinte:

O mellor do meu traballo, sempre o digo, é que ten horarios moi flexibles e que non hai dous días iguais. Para min iso é importante e sei que non soportaría un horario rixido.

Como podes apreciar, a segunda oración segue a falar do traballo, pero expresa algo que non se expresou na oración anterior.

Empregamos o **punto e á parte** para separarmos parágrafos ou versos que tratan temas distintos dentro do mesmo texto:

*Laura era pequena e aínda así non era dabondo para participar desas misteriosas
«cousas de maiores».*

Xan e María ían de festa xuntos. Ela esperábao á saída do traballo e gozaban das romarías. Bailaban no adro da Igrexa ao son das gaitas e do tamboril.

Empregamos o **punto final** para transmitir que a información acabou totalmente.

Ademais, utilizamos o punto para separar os minutos das horas nos fusos horarios ou nas abreviaturas:

12.00 a. m.



A coma

A coma indica una **pausa curta** e emprégase para **separar palabras** ou **frases**, ou para separar os elementos dunha enumeración:

Era linda, ben feita, de ollos claros, amaba os animais, era divertida.

- Empregamos a coma, así mesmo, para intercalar aclaracións:

Marta, a nena loira que xoga sempre no parque, faltará á clase por uns días por mor dunha caída.

- Antes e despois dos nomes das persoas ás que nos diriximos:

O sol nace, Xoana, tes que ir para a túa casa.

- Para separar os decimais dos números enteiros:

Este reloxo tan feitiño custoume 50,12 euros.

- Antes de *mais*, *pero*, *pois* e *porque*:

Quero que veñas, mais non sei se será boa idea.

O punto e coma

Empregamos punto e coma cando dentro dunha oración longa xa hai comas, para evitarmos confusións de comprensión:

Van ir xuntos a Caracas; o can queda na casa, queda María ao seu coidado.

En oracións que expresan un feito e a súa consecuencia:

É moi despistado e descoidado coas súas cousas, ata o extremo; non podemos deixar que leve nada para a casa.

En oracións longas, diante de conxuncións como *non obstante*, *mais*, *pero*, *en cambio*, *así que*, *polo tanto*, *daquela...:*

Xan está castigado por portarse mal todos os días da semana; así que, se non cambia de actitude, vai roer moita casa.



Os dous puntos

Os dous puntos indican unha pausa moi parecida ao punto e úsanse para introducir ou citar textualmente as palabras de alguén en estilo directo:

Era de noite e escoitou un ruído, abriu a porta e dixo: —Quen anda aí?

Úsanse tamén para empezar unha enumeración:

Poden saír ao patio os cinco primeiros da listaxe: Miguel, Sandra, Marga, Xoel e Xan.

Empréganse para introducir a causa, a consecuencia ou a conclusión do que acabamos de dicir:

Aviso para o primeiro que volva berrar: non volve pisar a escola.

Os puntos suspensivos

Empregamos os puntos suspensivos para indicar que unha oración queda interrompida ou en suspenso:

Foi feliz canda el pero os anos pasaron...

Úsanse para interromper unha oración expresando temor, dúbida, reticencia, intriga, emoción...:

Non me toques porque che vou dar unha...

Tamén se usan para indicar que se evita unha palabra malsoante ou subliñar que unha enumeración está incompleta ou queda aberta:

Hai moitas provincias afectadas polo temporal: A Coruña, Pontevedra, Ourense...

Así mesmo, para sinalar a eliminación de parte dun texto que se cita, normalmente entre parénteses ou corchetes:

Adios ríos, adiós (...) Non sei cando nos veremos!



Os signos de interrogación e de exclamación

Empregamos os signos de interrogación e exclamación para indicar a entoación interrogativa ou exclamativa.

Cando facemos unha pregunta empregamos o signo de interrogación «?»:

Bailaches moito? Saíches de noite?

Empregámolo tamén, entre parénteses, para indicar dúbida sobre un dato:

Manuel Antonio (1900-?)

Empregamos o signo de exclamación «!» cando rematamos unha exclamación:

*Oxalá!
Vaites!
Ata logo!*

Tamén podemos empregar dobre signo de exclamación cando se desexa reforzar a expresividade da oración: máis sorpresa, máis alegría, máis enfado...:

Liscade dunha vez!!

Repara

Para evitar a ambigüidade, tanto nas oracións exclamativas como nas interrogativas, podemos empregar os signos de exclamación e interrogación ao inicio «¡» e «¿». Nunca se pon un punto despois dun signo de interrogación ou exclamación, xa que estes xa incorporan un punto de peche.



Actividades:

O que menos me gusta de cumprir anos é que, como coincide co Día de Defuntos, hai que ir ao cemiterio. Cando era pequeno e non había forma de me [escapular](#) da visita aos mortos, entretíñame correndo de aquí para alá, buscando nomes raros nas lápidas. Habíaos moi divertidos; por exemplo, *Policarpo*, *Eufrasia*, *Humberto James* (os nomes compostos son os mellores), *Nicanora* ou *Macedonio*, que é coma unha macedonia de froitas frescas pero en masculino. Outra ocupación que me gustaba bastante era visitar as tumbas dos nenos. Eran as únicas que estaban directamente [escavadas](#) na terra, en lugar de en [nichos](#) nas paredes. Confésovos que me daba algo de medo ver aquel recinto cheo de [sepulcros](#) pequenos de mármore e granito, decorados con figuras brancas de anxiños. Nalgúns sepulcros había incluso un marco [ovalado](#) coa fotografía do neno morto! Arrepíos dábase observar as cara dos meniños falecidos! Mais eran uns [arrepíos](#) raros, porque non podía deixar de mirar para eles. É unha cousa misteriosa da mente humana. O que os maiores chaman unha *contradición*, que consiste en pensar unha cousa e facer outra distinta...

[Leticia Costas](#), *Escarlatina, a cociñeira defunta*, Xerais, 2014.

1. Responde as seguintes preguntas:

- Que problema ten Román cando cumpre anos?
- Que nomes son os que lle chaman a atención?
- Como se denominan eses nomes?
- Que é para os maiores unha *contradición*?

3. Puntúa este texto poñendo o signo que corresponde.

Un día (./,;/) todas as cores desaparecen do val no que viven os Mumin (./,;/) Mumintroll emprende unha perigosa misión para pescudar se o val está ameazado de verdade pola chegada dun cometa (./,;/) unha viaxe chea de fantasía (./,;/) humor e tenrura (./,;/) na que fará bos amigos (./,;/)

Tove Jansson, *A chegada do cometa*, Sushi Books, 2014.



Expresión oral e escrita: *Recomenda e conta una película ou un libro*

Cando vamos ao cine, ao teatro ou lemos un libro, xeralmente temos en conta o que nos din previamente, se é axeitado para a nosa idade, se trata algún tema que nos gusta ou que compartimos e tamén debemos ter en conta o prezo, xa que, ás veces, non podemos asumir todo o que desexamos.

Se vas recomendar unha película debes ter en conta todo o anterior e escribilo ordenadamente, salientando as características principais da película, libro ou obra de teatro.

Repara

Debes falar das características principais:

- Se é de acción, terror, humor, amor...
- Se é un libro falaremos do número de páxinas; se é unha película, da súa duración, ao igual que se se trata dunha obra de teatro.
- Facer un pequeno resumo da acción que se pode ver na capa traseira do libro ou no cartel da película ou da obra de teatro.
- Debemos fixarnos en que o libro, película ou obra de teatro sexa axeitada á nosa idade.

Entrevista unha persoa

Unha entrevista é unha conversa recollida por escrito. Antes de comezar unha entrevista debemos elixir a quen lle imos facer a entrevista. Esta persoa debe ser alguén importante para nós, para que teñamos ganas de entrevistalo.

Debe ser o protagonista dun acto ou verse afectado por algún problema directa ou indirectamente. Pode ser perfectamente unha compañeira da túa clase ou o teu avó.

Para prepararmos a entrevista, primeiro teremos de buscar información sobre o feito que nos ocupa ou sobre a persoa que imos entrevistar. Prepararemos as preguntas e informaremos sobre os datos relativos ao entrevistado.

As preguntas deben facer referencia a como sucedeu o acontecemento, como empezou, que lle pareceu á persoa entrevistada e as súas consecuencias.



As entrevistas deben facerse con calma, sen prásas, escoitando sen interromper. Podedes tomar notas ou gravar a conversa en calquera soporte para tal fin.

Por último, debes redactar a información recollida, canto antes mellor para non perder información. O título da entrevista pódelo poñer extraendo unha das frases máis importantes dela. Estas frases deben ir entre comiñas e podes engadir unha pequena parte introdutoria onde achegues os datos da persoa entrevistada.

Actividades:

2. Recoméndalle un libro ou unha película a un compañeiro e escribe a dita recomendación a continuación.

4. Le esta entrevista a David Pintor e contesta as preguntas:

Cultura

"Aínda se ven nos andeis galegos libros infantís nos que o autor das imaxes non aparece nas cubertas"

Romina Bal

sábado 20, decembro 2014

David Pintor é un dos nosos mellores ilustradores, probablemente o máis internacional. O seu traballo leva un selo moi persoal, cheo de detalle, impresiona pola súa calidade, pola súa cor e non lle falta imaxinación para crear novos mundos cos que soñar. Leva máis de vinte anos no mundo da ilustración, primeiro como caricaturista político alá por 1992 e despois coma ilustrador a partir do ano 2000 cando pensou noutros campos como o da ilustración infantil.

Que momento estás a vivir?

Agora mesmo sigo coa miña carreira como humorista gráfico, e vivo un momento moi interesante para min, onde estou diversificando o meu traballo mantendo unha actitude aberta a todas as infinitas posibilidades profesionais que se me están a presentar. Levo xa máis de 20 anos de profesión, e creo que xa fixen moitas cousas, pero teño a sensación de que o mellor está inda por vir...

Cantos libros publicaches este ano e para cantas editoriais?

Este ano publiquei catro libros ilustrados: *O Brinca vai!* de Paco Nogueiras editado por Kalandraka, que é todo un éxito e xa vai pola segunda edición; *A menina alta*, un álbum ilustrado que fixen para unha editora brasileira e que sae este nadal; *That day, when...*, un libro para unha pequena editorial armenia con sede en Francia, e *The white world*, un álbum ilustrado para os máis pequenos, para o mercado coreano. No mes de xaneiro sairá o álbum ilustrado que acabo de rematar sobre a primeira Guerra Mundial, da que se cumpre o centenario, para unha editorial italiana, e co quedei especialmente contento. O seu título é *A piccola grande guerra*, e presentarase na próxima feira de Boloña de 2015 coincidindo co aniversario da participación de Italia na primeira das grandes contendas.



"O meu proxecto máis inmediato é acabar o libro de Barcelona para a editorial Kalandraka, que continúa a colección que empecei con Compostela, e seguí con Lisboa"

faloume da escaseza de libros infantís escritos orixinariamente en linguaxe armenia, e iso foi un grande aliciente para min á hora de aceptar facer as ilustracións para este libro que a propia Hasmig escribira. Poder participar nun proxecto como ese foi unha honra para min.

Publicas en moitos idiomas galego, portugués, inglés, italiano, catalán, coreano, español... Hai algunha publicación especialmente significativa para ti?

O proxecto do libro *That day when....*, escrito en armenio, foi dende o principio moi atractivo para min. Coñezo a Hasmig Chahinian, a editora, dende hai varios anos. É unha muller nacida en Libano e que reside en París, moi interesada na literatura infantil e que se animou a fundar unha pequena editorial infantil para publicar libros en armenio que é unha lingua minorizada. Ela

"A crise está golpeando moi forte no sector editorial, que segue sendo un dos campos máis fecundos para os ilustradores. E aínda que case todas as editoriais respectan e valoran o traballo do ilustrador, quedan algunhas que non o fan"

Cales son os proxectos de futuro máis inmediatos en que estás a traballar?

O meu proxecto máis inmediato é acabar o libro de *Barcelona* para a editorial Kalandraka, que continúa a colección que empecei con *Compostela*, e seguí con *Lisboa*. Unha homenaxe que quero ir facendo a esas cidades que visitei e que me marcaron a nivel persoal. Teño que dicir que son uns libros onde me sinto moi cómodo e onde podo traballar dunha maneira totalmente libre na súa concepción. Ademais, que sexa Kalandraka quen o edite é un auténtico luxo.

"Aínda se ven nos andeis galegos libros infantís nos que o autor das imaxes non aparece nas cubertas, a pesar da importancia que estas teñen no libro"

**Que
pensas
da**

situación actual do sector da ilustración e das oportunidades que hai?

A situación é, en xeral, moi complicada. A crise está golpeando moi forte no sector editorial, que segue sendo un dos campos máis fecundos para os ilustradores. E aínda que case todas as editoriais respectan e valoran o traballo do ilustrador, quedan algunhas que non o fan. Eu destacaría cunha primeira ollada, varios problemas, algúns relacionados coa crise como unha precarización maior do traballo dos ilustradores ou que esteamos peor pagados. Ante a falta de traballo, moitos profesionais vense obrigados a aceptar pagamentos por debaixo do normal e cada vez menos ilustradores poden vivir dignamente do seu. Outro problema é a minusvaloración e aínda se ven nos andeis galegos libros infantís nos que o autor das imaxes non aparece nas cubertas, a pesar da importancia que estas teñen no libro. O sectarismo é un mal da nosa LIX e a pesar de que na variedade hai riqueza, algúns profesionais somos ignorados e apartados dalgúns circuitos culturais, tendo que emigrar a outros mercados fóra de Galicia. Nalgúns casos tamén hai indefensión xa que segue a haber ilustradores que non cobran, cláusulas abusivas nos contratos, utilizacións ilegais das imaxes, etc.



"O sectarismo é un mal da nosa LIX e a pesar de que na variedade hai riqueza, algúns profesionais somos ignorados e apartados dalgúns circuítos culturais"

A pesar disto, hai que dicir que estamos nun momento con algúns detalles que invitan ao optimismo, pois tamén hai oportunidades cara ao futuro pola internacionalización do noso traballo, ao ser máis doado para un ilustrador, debido ás novas tecnoloxías, traballar en todo o mundo. A imaxe é universal e pode abrírnos as portas a un mercado global. A importancia do libro ilustrado medrou considerablemente e existe un interese evidente polo libro-objeto, onde a imaxe ten un papel moi importante. A día de hoxe, eu considero

que é na ilustración onde se encontran os máis interesantes artistas plásticos do momento. Un non deixa de asombrarse da variedade e calidade que hai en todo o mundo, somos creadores e esa segue sendo a nosa forza para un futuro escenario cultural. Diversificando o noso campo de acción en deseño, cómic, decoración, merchandising, animación, moda, videoxogos... amplíanse tamén as oportunidades ata o infinito.

- Quen é David Pintor? A que se dedica?
- Por que se entrevista a David Pintor?

Ao peche: Que aprendiches?

1. Reflexiona e valora o teu traballo. Sei explicar que é unha palabra primitiva e que é unha palabra derivada? Sei se Caixón é unha palabra derivada?

3. Reflexiona e valora o teu traballo. Sei que son e para que se usan os pronomes? Sei se *el* é un pronome tónico ou átono e que persoa gramatical presenta?

4. Reflexiona e valora o teu traballo. Aprendín a puntuar un texto? Sei en que lugar do enunciado debo poñer o signo de interrogación?

Avalíate

8. Indica que par de palabras derivada-primitiva non é correcto.

Persoa – persoeiro

Mina – minestra

Amigo – amigable

Luz – luzada

Papel – papelaría

9. Sinala cales destas imaxes representan palabras primitivas.



10. Completa as seguintes oracións cos pronomes persoais que corresponda en cada caso. Non te esquezas de seleccionar a opción baleira cando sexa necesario.

(A min/ela) corría dun lado para o outro sen cesar. (A min/ela) non me sorprendeu que caera.

(A/-/Lles) dixen (a/-/lles) que marcharan, que (a/-/lles) colleran (a/-/lles) e marcharan todos.

Non (o/nos/no/-) quixo (o/nos/no/-) facer caso. (O/Nos/No/-) fixo sen a nosa axuda e despois mentiu nos.



(*Che/La/-*) deixei (*che/la/-*) a cea sobre a mesa da cociña. Só tes que (*che/la/-*) colle (*che/la/-*) cando chegues á casa.

(*Te/Me/-*) quíxen (*te/me/-*) moito pero agora xa non. Non quero (*te/me/-*) mancar (*te/me/-*) e prefiro non (*te/me/-*) ver (*te/me/-*).

11. Substitúe as palabras en negra por un pronome e contráeo co verbo.

Exemplo: Escribe un conto de medo - *Esríbeo*

1. Gabriel comeu **unha ameixa** na horta.
2. Estudaron **moitas cousas** en Matemáticas.
3. Completaban **as frases**.
4. Tes **un coche bonito**.

12. Indica cales son os pronomes tónicos.

la – o – a – lle – ti – te

13. Indica cales son os pronomes átonos.

min – nos – ti – lle – el – eu

14. Cales destas formas non son tónicas?

ti – el – lle – la – min

15. Engádelle os signos de puntuación a este texto.

Os fumes saían por un tubo moi grosso que se elevaba ata o exterior era especie de cheminea vella toda enferruxada e chea de parches Tiña pinta de que podía estoupar dun momento a outro Como imaxinaredes a cama de Escarlatina non era outra cousa que un ataúde Estaba separado da cociña por unha cortina toda roída e sucia Non era precisamente un cuarto acolledor

Dodoto saltou do meu colo e foi inspeccionar a despensa con bastante interese Era a primeira vez desde que chegáramos ao Inframundo que tomaba a iniciativa.

—E cando pensades darme máis detalles do cacique —pregunteilles con certa impaciencia



16. Indica cales destas palabras riman entre si.

Verxel	lembranza
Amores	dores
Claridade	amizade
Esperanza	el

Reforza

17. Indica cales destas palabras son palabras derivadas.

mesa
cargueiro
cadeira
letra
carniceiro

18. Indica cales destas palabras son palabras derivadas.

rato
teteira
soneto
leiteiro
carboeiro

19. Indica cal é o pronome persoal átono.

nunca
ti
min
de
o
noso

20. Indica cal é o pronome tónico.

no
el
as
cando
este
voso



21. Relaciona a parte da oración que está destacada co pronome persoal correspondente.

Clara e mais eu fomos ao cine xuntos.	eu
Aqueles nenos estiveron a xogar na rúa ata moi tarde.	nós
A rapaza vivía había moitos anos alí.	vós
Xurxo e Laura sempre dixestes o que vos deu a gana.	ela
Quero todo o que me deas.	eles

22. Relaciona a parte da oración que está destacada co pronome persoal correspondente.

Marga, Xan e Brais foron ao mercado.	eu
O meu pai fíxome unha festa polo meu aniversario.	nós
Seremos moi bos cando chegue o Nadal.	vós
Non sei se estaredes conformes.	el
Irei correndo con todas as miñas forzas.	eles

Amplía

23. Investiga sobre a figura de Antonio García Teijeiro. Busca un poema seu e resume a súa biografía.

Non esquezas responder as seguintes preguntas cando a fagas:

- Quen é?
- De onde é?
- A que se dedica?
- Por que é importante, que fixo?